



MANIFESTO PARA A RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA DA CORUÑA

A CORUÑA NON ESQUECE

Queremos recuperar a memoria histórica porque non podemos entender o presente e construír o futuro se añoramos o pasado. Non queremos esquecer que semanas despois da celebración, o 28 de xuño do 1936, do plebiscito do Estatuto de Autonomía para Galiza, un segmento das forzas armadas do Estado español, co apoio expreso de sectores e organizacións de ideoloxía fascista, se sublevou contra o réxime constitucional da II República e do seu goberno lexítimo e democrático. Tampouco queremos esquecer que, a raíz desta sublevación antidemocrática, cidadáns galegos, homes e mulleres de moi diversas ideoloxías –nacionalistas e non nacionalistas, en todo caso leais ao réxime constitucional, ás liberdades democráticas vixentes naquel momento e ao Estatuto de Autonomía de Galiza- foron asasinados, pasaron á resistencia armada na guerrilla antifranquista, foron perseguidos e encarcerados até o exterminio, ou tiñeron que padecer o exilio, continuando nel a súa loita polo restabelecemento das liberdades do pobo galego e pola reconstrución dun réxime democrático na Galiza e no Estado español.

Queremos recuperar a memoria histórica porque a chamada <<transición política>> foi insensíbel ao recoñecemento destas vítimas da represión franquista e ao sufrimento e á humillación que as súas respectivas familias padeceron durante os corenta anos da <<longa noite de pedra>> da ditadura. Por iso, non queremos esquecer a <<hemorraxia interna>> que seguimos a padecer mentres non se recoñeza legalmente que estas vítimas, consideradas crimiñais pola historia oficial, escrita e contada, con marchas marciais, simbolizan a dignidade e a liberdade na memoria histórica e democrática do pobo galego.

Queremos recuperar a memoria histórica para eitar que o fascismo prenda de novo na sociedade. Por iso, sabemos que se necesita desenterrar a <<verdade>> do que realmente aconteceu: un pobo, que entregou a súa vida na defensa das liberdades individuais e colectivas que hoxe disfrutamos, que foi esnaquizado pola intransigencia dunha <<crusada>> que liquidou un sistema democrático que lles resultaba incompatible aos golpistas e aos seus secuaces coa pervivencia dos privilexios que gozaban. Por iso, non queremos esquecer que a consolidación de un sistema democrático pasa pola enérgica denuncia de todo o que representa o fascismo.

Queremos recuperar a memoria histórica porque nos doe o consentimento actualmente existente daquelas persoas e grupos políticos resposábeis de persistencia da simboloxía franquista nas nosas vidas. Non queremos esquecer a injusticia que se está a cometer con tódalas vítimas da represión franquista, ao permitiren que a memoria dos seus verdugos siga recoñecida institucionalmente nas nosas paisaxes urbanas polo seu ominoso mérito de teren asolagado en sangue as liberdades democráticamente conquistadas.

Non queremos esquecer que A Coruña é a cidade galega que máis honores rende ao franquismo coa presenza pública da simboloxía do seu réxime. Na nosas rúas (Viaduto del Generalísimo, General Mola, General Sanjurjo, Teniente General Gómez Zamalloa, División Azul, Avenida de los Caídos, Almirante Vierna, Juan Canalejo, José Toubes...), nas súas prazas (Millán Astral, General Mola...), nos seus monumentos (estatua a Millán astral, placa ao General Cánovas Lacruz, etc.) e mesmo nos seus propios edificios públicos (Correos, concello de A Coruña, etc.), existen máis de trinta casos de recoñecemento público destas persoas executoras de tales actos de barbarie.

Queremos recuperar a memoria histórica para sembrar a tódalas mulleres e a tódolos homes que deron a súa vida, padeceron o exilio e sufriron depuracións por defenderen as liberdades do pobo galego e a existencia dun réxime democrático en Galiza e no Estado español, na medida en que a súa memoria evita que o esquecemento prolongue a súa represión. Non queremos esquecer que somos o que sembramos, mais tamén que somos o que esquecemos.

Non queremos esquecer que recuperando a memoria conseguimos que aqueles escuros días de morte, de exilio e de represión sexan no presente de vida, de luz e de gloria, porque a memoria constitúe realmente un paso máis para cumprir, como sinalara CASTELAO, a <<vontade dos mártires na nosa terra>>.

É hora de rescatar a historia e acabar con este pacto de silencio. Esoxiremos ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza que, canto antes, haxa unha rehabilitación moral, social e económica das vítimas da Guerra Civil e o franquismo. Traballaremos con outras entidades e asociacións que persiguen os mesmos obxectivos en Galiza e no Estado español. E queremos facer todo isto desde o respecto a toda cidadanía, sen revanchismo e cunha actitude pacífica e democrática. Chamamos a tódalas institucións –nomedamente aos Concellos-, asociacións, entidades, organizacións políticas, sindicais, económicas e sociais da área metropolitana da Coruña e a toda a cidadanía para que se sumen a esta marea de liberdade e dignidade, apoiando este manifesto e colaborando coas actividades desta Comisión.